

RADIO BULEBULE

Texto e música de PACO NOGUEIRAS

Ilustracións de DAVID PINTOR

Videoclips de JOSÉ MIGUEL SAGÜILLO

Limiar de XURXO SOUTO

Epílogo de PONTE... NAS ONDAS!

Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. Libro-CD-DVD. 48 páx. 23 €. ISBN 978-84-8464-308-1. Libro-disco.

Abre as orellas, palabras a voar

saíndo pola antena, aterrando polo chan.

O falar non ten cancelas, vai de aquí para acolá.

Chega a radio falangueira que te vai facer pensar...

“Radio BULEBULE” é o novo traballo de Paco Nogueiras logo de “Brinca vai!” (III Premio Martín Códax da Música - Infantil) que, trala súa publicación como libro-cd-dvd deu lugar a varios espectáculos cos que o compositor e intérprete percorreu festivais, escenarios e escolas de toda Galicia. O medio radiofónico inspira as 12 cancións deste novo libro-disco no que volven participar o ilustrador David Pintor e José Miguel Sagüillo dirixindo os videoclips que, como novidade, forman unha curtametraxe.

Os temas dispóñense ao xeito da grella de programación dunha peculiar emisora na que non faltan sintonía de entrada, axenda cultural, magazine de variedades -tendencias, ciencia, natureza...-, música, faladoiro, noticias, información deportiva e ata previsión meteorolóxica. Inspirado nas ondas herztianas, entre as cancións tamén están presentes as transicións, os indicativos, os sinais horarios e outros elementos sonoros propios deste versátil medio xornalístico.

Fiel á frescura do seu estilo e á súa conexión co público infantil, o autor coída as letras das composicións e as melodías, que destacan polos ritmos modernos, pegadizos e bailables, invitando á participación do público. As ilustracións de David Pintor apostan por consolidar o personaxe creado en “Brinca vai!”, que tanto callou entre lectores e lectoras de todas as idades: a figura de Paco Nogueiras segue representándose cos seus característicos lentes e co seu inseparable chapeu azul. O colorido e a expresividade volven ser as súas marcas de identidade.

Unha ducia de xornalistas e comunicadores acompañan a publicación con textos sobre o valor da radio como ferramenta informativa, a súa utilidade no eido escolar a través da expresión oral ou o desenvolvemento de habilidades sociais e tecnolóxicas.



■ **Temática:** libro-cd-dvd con cancións sobre o medio radiofónico.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Lista de cancións:** Bulebule - Un bo plan - Pelos, melena - Movendo o pé - Un mundo por viaxar - Teño que investigar - Éxito vogal - Fálame - Querido mundo - Carmela é... - Tempo tolo - Adeus.

■ **Aspectos destacables:** inclúe textos de colaboración elaborados por profesionais da comunicación e da radio; medios de comunicación, expresión oral; dos autores de “Brinca vai!”.

Paco Nogueiras

(Santiago de Compostela, 1970)

Diplomado en Graduado Social, músico e actor. Tras formarse cos artistas Andrés Pazos e Fabio Mangolini, impartiu clases de teatro e dirixiu representacións en entidades culturais e escolas. Foi actor e percusionista de Els Comediants e Os Quinquilláns. Na actualidade forma parte da Orquestra Os Modernos, da compañía Os Tres TenedORES e da Campaña de Animación á Lectura de KALANDRAKA. Participou en formacións de música tradicional e foi creador da banda sonora de varios espectáculos teatrais, musicais, de danza e dunha serie infantil da TVG. Ten colaborado con Ophiusa e co proxecto Apego. <http://www.radiobulebule.com>

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Ilustrador. Foi seleccionado en varias edicións da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña e da Bial de Ilustración de Bratislava. Finalista dos CJ Picture Book Awards e incluído na prestixiosa lista The White Ravens. Recibiu diversos recoñecementos nacionais e internacionais: Premio Gianni Rodari, Society of News Design, Communication Arts, Pura e Dora Vázquez de ilustración, Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe, ilustrador do Ano Città del Sole... <http://davidpintor.blogspot.com>

José Miguel Sagüillo (Sr. Sagüillo)

(Vigo, 1978)

Licenciado en Belas Artes (Audiovisuais). Artista visual, especialista en animación 3D, deseño gráfico, motion graphics, ilustración, edición e postprodución de vídeos corporativos-promocionais, curtametraxes e videoclips musicais como os dos libro-discos “Brinca vai!” e “Canta connosco!”. Director da webserie “Dálle Jas!”. Cofundador de WinterSun Studio. Elaborou murais artísticos en espazos urbanos de Vigo. <http://srsaguillo.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com